



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL
DO DÍA 28 DE ABRIL DO 2006.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. José Álvarez Pereira
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretario, Acctal:

D. Pablo Antonio Álvarez Martínez

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 21,00 horas do día 28 de abril do 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

O Sr. Alcalde indica que viuse obrigado a dictar decreto do día da data habilitando novamente ó funcionario laboral de carácter administrativo D. Pablo Antonio Álvarez Martínez por manterse a situación de baixa por enfermidade común da Secretaria habilitada D^a María del Carmen Rodríguez fernández, polo que nesta Sesión ten que actuar como Secretario fedatario D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, constando no expediente de esta Sesión o Decreto de referencia.

Ó manifestado polo Sr. Alcalde resposta o Sr. Veloso para dicir que seguindo instrucións do seu partido advírtese da nulidade desta Sesión por carecer de Secretario – Interventor cualificado para desempeñar tal función, exhortando ó Sr. Alcalde para que proceda ó nomeamento de un Secretario – Interventor de carreira ben por concurso ou por un sistema máis rápido como é a contratación de un Secretario – Interventor de calquera Concello limítrofe.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DO 2006.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta da Acta da Sesión celebrada por este Plenario o día 24 de febreiro do 2006, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Manifesta o Sr. Fernández Simo que na páxina 7 punto 4º no 2º parágrafo indícase que as súas verbas foron que as deputacións están a incorrer en decadencia, cando o que el quixo expresar é que estas institucións están en decadencia; asemade na última das súas preguntas dise que “poderíase convidar á Delegada de Vicepresidencia a visitar o Pazo de Grou” e o que el manifestou e que se convidara á Sra. Delegada da Vicepresidencia que é o correcto, tal como está o Organigrama da xunta de Galicia.

Logo destas observacións o Sr. Alcalde somete a votación a minuta da Acta da Sesión do 24 de febreiro do 2006, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra da súa aprobación os catro membros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE e o do Sr. Concelleiro do BNG.

SEGUNDO.- PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Antes de iniciarse esta Sesión fíxose entrega a cada un dos membros desta Corporación de un documento no que se contén o Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Lobios, polo que cada un deles ten á súa disposición toda a referencia á que se refire este asunto incluído na orde do día.

O Sr. Alcalde fai referencia á pirámide de poboación que se contén no documento no que consta de forma relevante que a maior porcentaxe de poboación do Concello é a que comprendida entre os 70 e 79 anos, facendo fincapé nos apartados 7 e 8 do Plan, que fai referencia ás necesidades da poboación do Concello ó desenvolvemento de programas de inserción de mulleres en situación de risco ou exclusión social e os obxectivos do Plan que obxectivamente se refire a posibles problemas de violencia doméstica e as medidas existenciais para remedialas.

Toma a palabra o Sr. Fernández Simo manifestando que por fin o Partido Popular comeza a tomar en serio os problemas das mulleres, cousa que de haber sido feita hai varios anos houbera suposto un gran avance, pero que hoxe en día xa outros Organismos e Institucións superiores van mais alá do que se fai neste Concello; anteriormente aplicábanse os recursos dos que dispoñían estas institucións a cemento e actividades clientelares, e agora que xa non están no goberno presentan programas de carácter transversal. Anuncia o seu voto en contra porque atrasa os planos da Consellería.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Seguidamente toma a palabra o Sr. Veloso para manifestar que móstrase a favor da proposta pero coa indicación de que trátase de un logro do Goberno Central e non do Goberno municipal, que se sinte obrigado a presentalo por tratarse de un imperativo legal, anunciando o seu voto favorable. Remata as intervencións o propio Sr. Alcalde facendo referencia á retirada da moción que inicialmente estaba incluída en esta Sesión, posto que o Plan presentado está en consonancia co disposto na Lei 7/2004 de 16 de xullo.

Sometida a votación a aprobación do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades resulta a probado por 10 votos a favor e un en contra que corresponde ó Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do BNG

TERCEIRO.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó INVENTARIO DE BICES (BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS), PROMOCIONADO POLO ASOCIACIÓN NACIONAL DE FEDERACIÓN DE MUNICIPIOS CON CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS E EMBALSES.

A Federación nacional de Municipios con Centrais Eléctricas e Embalses elaborou un inventario previo ós efectos de redacción de novas ponencias especiais de valores dos Bens Inmobles de Características Especiais afectados polo embalsa das Conchas e que afecta ós Concellos de Lobeira, Bande, Lobios e Muiños, que foi redactado en cumprimento do disposto no Protocolo de Colaboración subscrito entre a Dirección Xeral do Catastro e a Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses, coa finalidade de levalo á Dirección Xeral do Catastro ós efectos da Tributación polo imposto de Bens inmobles de características especiais do embalse de referencia, para a elaboración das novas ponencias especiais de valores.

O Sr. Fernández Simo cree que resulta beneficioso para o concello e que a información correspondese coa realidade polo que esta adhesión ó convenio resultará beneficioso para o Concello.

O Sr. Veloso pregunta polos ingresos que aporta ó Concello o embalse, engadindo a escasa documentación, sen firma e sen selo, simplemente unha fotocopia así como o escurantismo na situación económica do Concello, polo que anuncia o seu voto en contra.

Resposta o Sr. Alcalde que adhesión a este Inventario e Acordo permitirá que o Concello poida esixir máis apartacións á empresa titular do embalse das Conchas, replicando o Sr. Veloso que el examinou a documentación pero que a palabra do Sr. Alcalde non lle supón credibilidade.

Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde a este Inventario, resulta aprobado por sete votos a favor (seis do Grupo do PP e un do Grupo do BNG) e catro en contra que se corresponden cos Srs. Concelleiros do Grupo Municipal do PSOE.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

CUARTO.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA PARA A CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE .

Comeza o Sr. Alcalde facendo referencia a que o pasado día 24 asistiu en Santiago ó acto da sinatura do Protocolo para a creación do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar entre o Vicepresidente da Xunta de Galicia e o Presidente da Xunta de Galicia, dando conta do modelo de convenio de colaboración a subscribir entre a vicepresidencia da Xunta e os Concellos de Galicia para a Constitución do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Fernández Simo para manifestar que o Convenio de que se trata é froito do traballo de nove meses e do diálogo entre grupos de distinto signo tratando de resolver os problemas dos cidadáns, pretendendo optimizar os recursos dos que se dispón e potenciar a autonomía municipal, anunciando o seu voto a favor por supor un paso máis no que se refire á lexislación do servizo de axuda a domicilio, esperando unanimidade neste voto por ser de sentido común.

O Sr. Alcalde indica que para poder asinar este Convenio precisa da autorización do Pleno.

O Sr. Veloso, despois de varios minutos dedicados á lectura dos documentos que constan no expediente manifesta que ate de agora tiña que presentar denuncia nos xulgados para que se lle exhibise a documentación que lle corresponde examinar pola súa condición de Concelleiro polo que parece que agora algo vai mellorando esta situación no Concello. De tódolos xeitos entende que a documentación que estivo examinando debería ser lida en público para coñecemento xeral, posto que os integrantes do Equipo de Goberno do Concello son capaces de darlle a volta por usar fotocopias que poden ser manipuladas, polo que esixe que se incorpore na redacción do expediente e do acordo, o texto íntegro do Convenio; o cambio experimentado no Goberno da Xunta de Galicia trae cousas novas, anunciando o seu voto a favor, no caso de que se incorpore á acta os 36 folios do Convenio.

Resposta o Sr. Alcalde que o que propón o Sr. Veloso resulta imposible, o Concello ou se adhire ou non se adhire ó Convenio proposto, que vai a ser asinado polo Sr. Vicepresidente da Xunta e o Alcalde que está falando, o que garante de xeito indubidable o Convenio que se propón; reitera o Sr. Veloso que a documentación entregada non ten selo de entrada nin nada e polo tanto pode ser alterada.

O Sr. Alcalde propón que se vote conxuntamente a adhesión do Concello ó Convenio a subscribir coa Vicepresidencia da Xunta para a constitución do Servicio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, conforme o modelo remitido pola



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

vicepresidencia da Xunta, polo que a proposta de acordo que se somete a votación, é a seguinte:

1.- PRIMEIRO. Aprobar a integración do Concello de Lobios no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente convenio de integración.

2.- SEGUNDO. Aprobar o proxecto de estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

3.- TERCEIRO. Facultar ó Sr. Alcalde – Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin de este acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ó Consorcio.

4.- CUARTO. Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ó propio Sr. Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez.

Sometida a votación esta proposta resulta aprobada por unanimidade dos 11 Srs. Concelleiros presentes, aínda que os catro Srs. membros da Corporación integrados no Grupo Municipal do PSOE queren deixar claro que o seu voto favorable queda condicionado a que se recolla na acta os 36 folios da proposta do Convenio.

QUINTO.- PROPOSICIÓN FORMULADA POLOS SRS. CONCELEIROS D. JESÚS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ E D. CELSO PAZ LEÓN EN RELACIÓN COA CONSTRUCCIÓN DE UNHA RESIDENCIA XERIÁTRICA.

Tratándose de un escrito dirixido á Alcaldía polos Srs. Concelleiros D. Jesús Rodríguez Rodríguez e D. Celso Paz León, o Sr. Alcalde procede a dar lectura en voz alta ó escrito presentado no que despois de facer unha referencia ó acordo adoptado por este Pleno na Sesión do día 30 de decembro do pasado ano 2005, relativo á posible construción de unha residencia xeriátrica no Pazo das Quintas en Grou, e que na votación abstivéronse os dous Srs. Concelleiros propoñentes, veñen a someter á consideración de este Pleno a disposición deste a aceptala construción de unha residencia xeriátrica en Lobios, polo que o Sr. Alcalde outorga a palabra ó concelleiro D. Celso paz León, que logo de agradecer a presenza de numerosos veciños neste Pleno, o que ven a demostrar que existe un importante interese por este tema, quere deixar clara a súa postura dicindo *“todos estamos enteirados di preocupación que existe entre os cidadáns de este Concello dende que foron tendo coñecemento que había posibilidades de construción dunha residencia da terceira idade no termo municipal, pero que todos os posibles proxectos non ían encamiñados á súa construción e instalación na capitalidade senón noutra parroquia tal como ían apuntando as diferentes notas de prensa publicadas ultimamente, ó tempo que tamén foron tendo coñecemento de que os Srs. Concelleiros D. Jesús Rodríguez e d. Celso Paz non estiveron na mesma linea cando se tratou este tema nun Pleno celebrado a últimos do pasado ano, circunstancia que os levou a emprender a iniciativa de presentar este escrito avalado por un importante número de firmas de veciños que pensan o mesmo que os propoñentes, tendo en conta*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

como argumentos para interesar a instalación da residencia na capitalidade que esta atópase equidistante de tódolos núcleos de poboación do Concello na que existen varios servizos que poden ser complementarios como poden ser a propia Consistorial, o Centro de Saúde, entidades bancarias, farmacia, etc., ó tempo que o concello dispón de terreos na capitalidade aptos para a construción que se pretende e todo isto amparado nun importante número de veciños que firman o escrito de solidariedade e conformidade coa postura manifestada polos proponentes”.

O outro Sr. Concelleiro proponente D. Jesús Rodríguez manifesta a ratificación absoluta de todo o manifestado por D. Celso Paz.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Fernández Simo para manifestar a súa estrañeza desta recollida de firmas de dous Concelleiros do Equipo de Goberno, preguntándose ¿contra quen están recollidos estas firmas?, pois non entende o berenxenal que se está montando xa que non existe enfrontamento entre parroquias, discrepando da postura da recollida de sinaturas de forma populista e propia de países terceiromundistas. O único que se pretende en Grou é a creación de un Centro de Día para a Comarca e os Concelleiros proponentes non falan para nada do financiamento de unha residencia, estrañándolle tamén que propoñan unha votación libre sen sometemento ás directrices de cada partido e que esta postura o único que intenta é recoller representatividade, e non obedece a criterios políticos nin técnicos. Pregunta ¿que é o que pretenden os Concelleiros proponentes?, ¿un Centro de Día residencial?, pero en definitiva pretenden a modificación do Plan de Acción Xeriátrica aprobado pola Xunta de Galicia.

Resposta o Sr. Concelleiro D. Jesús Rodríguez Rodríguez facendo referencia á súa abstención na Sesión celebrada o 30 de decembro pasado e que a maioría dos veciños de Lobios pediron que primeiro debe de ser en Lobios onde se faga a actuación referida á posible instalación de unha residencia xeriátrica polo que non están en contra de un Centro de día en Grou sempre e cando previamente se decida a creación de unha residencia en Lobios.

O Sr. Alcalde manifesta que a través de diversas notas de prensa publicadas en diferentes medios de ámbito rexional foise creando nos cidadáns deste Concello certo confucionismo, e que no seu momento chegou con unha representación dos veciños de Grou en reunión celebrada a petición deles no despacho da Alcaldía, a un acordo no senso de que o Concello apoiaría a construción de un Centro de día en Grou sempre que quedara comprometida a instalación de unha residencia en Lobios - capitalidade do municipio de tal xeito que esta postura sexa para a ubicación de un Centro de Día en Grou pero non en outro lugar fora do municipio de Lobios.

Retoma a palabra o Sr. Fernández Simo para indicar que no Plan Xeriátrico da Xunta soamente se contempla un Centro de Día comarcal e non unha residencia, e este Plan non estaba confeccionado cando se tomou o acordo a que se refire o escrito dos Sr. Concelleiros proponentes, o día 30 de decembro pasado.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que el non ten coñecemento algún do dito Plan Xeriátrico da Xunta engadindo que de tódolos xeitos sexa Residencia ou Centro de Día, en principio considera que con quen o responsable de levar a cabo dito Plan ten que falar e negociar é co propio Alcalde e non con, como parece sucedeu neste caso, con un Concelleiro.

Seguidamente intervén o Sr. Veloso pedindo que se tranquilicen os ánimos pois trátase de un tema serio e anque a diferenza e que agora por estar gobernada a Xunta por un partido que goberna debidamente pódese enterar do que sucedeu preguntándose se existe algún informe sobre a ubicación do Centro e se existe consignación orzamentaria para facer fronte ós compromisos que poida adquirir o Concello, ó que resposta o Sr. Alcalde dicindo que non existe nin informe nin consignación económica algunha, engadindo o Sr. Veloso que fai tres anos, no programa do seu partido co que se presentou ás eleccións xa se prevía a construción deste Centro.

Por último o Sr. Fernández Simo fai unha proposta de negociación, no senso de que as posturas mantidas non son incompatibles, polo que o Concello debe de propoñer á Xunta a instalación de un Centro de Día en Grou e un Centro Xeriátrico ó estilo tradicional en Lobios.

O Sr. Veloso manifesta que o seu grupo sigue as directrices do partido que goberna na Xunta e que o grupo ten capacidade para convocar un Pleno Extraordinario e resolver o problema en 15 días. A isto responde o Sr. Rodríguez Rodríguez que eles seguen as directrices dos veciños ós que teñen que defender.

Por último toma a palabra D. José Álvarez Pereira para indicar que na recente visita que fixo o Delegado Provincial debeuse de citar á totalidade dos Concelleiros.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sobre este punto e somete a votación a seguinte proposta de acordo:

O Concello de Lobios apoia a construción de un Centro de Día en Grou sempre que previamente quede garantida a construción dunha Residencia Xeriátrica na capitalidade do Concello de Lobios.

Esta proposta resulta aprobada polos seis votos a favor dos Concelleiros integrantes do Grupo Municipal do PP, votando en contra o único Concelleiro do Grupo BNG e a abstención dos catro Sr. Concelleiros do Grupo PSdeG PSOE.

SEXTO.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS DISTINTOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Antes de entrar na consideración das diferentes mocións propostas polos diversos Grupos políticos o Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo retira a única moción



CONCELLO DE LOBIOS

presentada por canto o fondo da súa moción xa está recollida nos puntos 2º e 4º da orde do día de esta Sesión.

MOCIÓNS DO BNG.

- A) Moción relativa á execución da obra de ampliación do camiño O Pacendo, motivado pola necesidade de dispoñer de máis espazo para que os vehículos poidan dar a volta. Sobre esta moción o Sr. Alcalde indica que xa está contemplado polo Equipo de Goberno, polo que non ten sentido votar algo que xa está decidido. O Sr. Veloso quere destacar o traballo do Sr. Fernández Simo por Grou. Sometida a votación esta moción, resulta rexeitada polo Pleno por votar en contra da mesma os 6 Concelleiros do Grupo Municipal do PP, votando a favor os outros 5 Concelleiros.
- B) Moción sobre restauración da fonte situada na entrada de Lobios antes de que chegue o verán, á beira da estrada de acceso a Lobios. En relación co proposto na moción o Concelleiro D. Celso Paz León manifesta, a petición do Sr. Alcalde, que resulta difícil a restauración que se pretende xa que a auga que alimenta a fonte non é de fácil captación sendo difícil que se poida reconducir o caudal. O Sr. Veloso indica que se pode solicitar ó Parque a restauración desta fonte. A postura do Sr. Alcalde é de solicitar á Delegación Provincial da Consellería Política Territorial Obras Públicas e Transportes a autorización para poder levar a cabo estas obras que están na zona de influencia da estrada de titularidade autonómica ou que a restauración sexa feita pola propia Consellería. Esta proposta do Sr. Alcalde resulta aprobada por unanimidade dos 11 Concelleiros.
- C) Moción sobre un Plan de Dinamización Local no que se priorice a execución e realización de diversas obras que se consideran imprescindibles relativas ós seguintes temas:
- **LOBIOS:**
 - Ecoespazo e praia fluvial á altura da Ponte de entrada a Lobios, sobre o encoro de Lindoso.
 - Parque Empresarial Lobios- Entrimo.
 - **GANCEIROS:**
 - Canalización da levada de Ganceiros.
 - **COMPOSTELA:**
 - Transformar o mosteiro da Escúsalla de Ludeiros nun centro de referencia en materia turística.
 - **SAN PAIO:**
 - Estrada e albergue de montaña en A Cela.



CONCELLO DE LOBIOS

- **GROU:**
 - Centro de Día.

- **RÍO CALDO:**
 - Local Social e piscina termal.
 - Cámping (rematado e en estado de abandono dende hai dous anos).

O Sr. Fernández Simo como proponente desta moción propón que se reúnan os tres grupos políticos que integran esta Corporación coa finalidade de priorizar os investimentos do Concello, reforzando a presión ante outras Institucións que poden colaborar nestes investimentos: nunha palabra, facer política con maiúsculas e isto vai ser traballo de anos, mostrando unidade de todos ante estas cousas que se consideran básicas, o que axudaría a limar crispacións a través da Xunta de Portavoces creando unha mesa de diálogo.

O Sr. Alcalde resposta o seguinte:

Polo que respecta á praia fluvial, xa se fixo a correspondente xestión ante a E.D.P. sen que de momento se recibira contestación; ademais dentro do programa INTERREG fíxose unha solicitude por importe de 250.000.000 de pesetas para a construción de un club Náutico e un catamarán.

En relación co parque Empresarial de Lobios, xa figura no PXOM de Lobios, con 30,5 Ha, téndose feito xa xestións coa Xunta Rectora do Monte Veciñal en Man Común sobre este tema.

Levada de Ganceiros: preténdese a inclusión deste asunto nas obras a realizar no Plan da nova Consellería de Medio Rural, en substitución do que nos foi aprobado pola antiga Consellería de Agricultura da anterior Xunta de Galicia e denunciado pola dita Consellería de Medio Rural.

Respecto ó Mosteiro da Escusalla de Ludeiros, o Sr. Alcalde procede a dar lectura a un escrito recibido con data 17 de febreiro pasado no que logo de dar conta da denuncia sobre o estado de abandono que presenta, solicita ó Concello a adopción de medidas cara a impedir o acceso ó recinto para evitar o seu expolio, e que se notifique á propiedade a súa obriga de conservar o edificio tal como establece a Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia. Asemade indica que fai anos, según lle foi manifestado en reiteradas ocasións polo entón Secretario – Interventor deste Concello D. José Angel Bouzas Costa, dito edificio xa se pretendeu adquirir por outra Corporación e que debido ós atrancos xurdidos respecto ás moitas persoas que se atribuían a propiedade do mesmo fixo que se abandonara esta idea.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Referente á estrada e albergue de montaña en A Cela, o Sr. Alcalde di que está sen contemplar e que de momento non se prevé actuación algunha neste tema, aínda que non o descarta en vindeiros exercicios.

O Centro de Día en Grou considera xa foi suficientemente discutido no punto anterior da orde do día desta Sesión.

Por último en cuanto ás actuacións propostas en Riocaldo, non existe terreo ou local para poder facer un local social; en cuanto á piscina termal existe por parte do Equipo de Goberno do Concello a idea firme de levar acabo a súa reapertura, non obstante e ata tanto non rematen as obras de canalización do río que están a levar a cabo pola Confederación Hidrográfica do Norte, de momento non se pode proceder á súa reapertura, mediante a realización, por parte do Concello, das pertinentes obras de adaptación das mesmas ás hoxe existentes en Ourense, coñecidas como Chava squeira, de tal maneira que a auga embalsada na mesma non exceda en ningún intre os 50 cm de profundidade. En cuanto ó Cámping esperase a presentación dun proxecto para iniciala actividade.

O Sr. Fernández Simo, di que a súa proposta refírese a unha racionalización dos investimentos do Concello e a creación de unha mesa de diálogo xa que non se limita a preguntar sobre a situación das actuacións a que se referiu o Sr. Alcalde.

O Sr. Veloso manifesta que lle parece interesante o proposto polo Sr. Fernández Simo e parte de estas actuacións xa foron recollidos no programa do PSOE. De tódolos xeitos di que non hai diñeiro para a materialización de estas obras e actividades e examinando as contas do ano 2000 o Concello recibiu como ingresos da piscina 7.000.000 de pesetas e regalou todo á Fundación San Rosendo e pon en dúbida que se poida facer algo alí porque todo o que tiña o Concello xa o regalou. De tódolos xeitos non ten diante a relación de tódolos puntos que se inclúen na moción do BNG pero considera que non se deben de votar conxuntamente senón un por un.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde propón a votación conxunta, tal como se presenta polo proponente coa excepción da estrada e albergue de montaña en A Cela, votando en contra os seis Concelleiros do Grupo Municipal do PP, a abstención de D. Antonio Pérez González, votando a favor os outros tres Concelleiros do PSOE e o representante do BNG.

MOCIÓN DO PSOE.

1) Dáse conta da moción que presenta o Sr. Voceiro do Grupo PSOE D. Francisco Veloso propoñendo a construción duns servizos públicos no recinto deportivo así como a reparación inmediata da cuberta do Polideportivo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Antes de iniciarse o debate sobre esta moción, con anuencia da presidencia, momentaneamente ausentase D. Enrique López Álvarez.

O Sr. Fernández Simo manifesta a súa postura en favor da moción por compartir o exposto nela.

O Sr. Alcalde indica que todos somos coñecedores da situación prantexada na moción pero que estase a construír un novo Polideportivo que pronto será entregado ó Concello polo que considera innecesario facer un gasto en algo que vai quedar pronto en desuso, respondendo o Sr. Veloso que o feito de estarse a construír un novo Polideportivo non evita que o Concello sexa responsable dunhas obras que supoñen certo perigo e incluso pódese solicitar o precinto do campo de fútbol por non ter servicios adecuados ademais de representar unha vergoña para o propio Concello, solicitando que conste en Acta que no suposto de algunha responsabilidade esixible ó concello por non atender a reparación da cuberta do Polideportivo, deben de responder persoalmente aqueles Concelleiros que voten en contra desta moción.

Sometida a votación a moción presentada, queda rexeitada por seis votos en contra da mesma, todos eles emitidos polo Sr. Concelleiros do Grupo do PP, votando a favor os cinco Concelleiros restantes.

2) Moción presentada polo Voceiro do Grupo PSOE para a colocación de un paso de peóns e un espello ó final da travesía da estrada de Portugal en dirección a Riocaldo na intersección da estrada ó Paraño, coa finalidade de dar seguridade á circulación de viandantes. O proponente manifesta que aqueles Concelleiros que voten en contra do proposto na moción poden incorrer en responsabilidade persoal pola súa negligencia nun tema de seguridade.

O Sr. Fernández Simo anuncia o seu voto favorable á moción.

O Sr. Alcalde da lectura a un escrito remitido con data 7 de este mes de abril á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, no que á vista do escrito que presentou o Sr. Concelleiro proponente sobre o mesmo tema solicitouse da Delegación a que no caso de consideralo oportuno, procedera á sinalización interesada e colocación do espello, tendo en conta que a estrada da que se trata resulta ser de titularidade autonómica, e no caso de que se autorizara ó Concello esta instalación que o persoal técnico dependente da Delegación indicara os lugares adecuados para as instalacións solicitadas.

Sometida a moción a votación, resulta aprobada por unanimidade, aínda que o Sr. Alcalde quere matizar que o voto a favor do seu grupo queda a resultas da sinalización pola Delegación da Consellería dos puntos onde deben colocarse o paso de peóns e o espello.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

SÉTIMO.- INFORMES DEL SR. ALCALDE.

O Sr. Alcalde da conta á Corporación dun escrito que o Sr. Director Xeral de relacións Parlamentarias dirixiu á Sra. Presidenta do parlamento de Galicia sobre o estado actual da execución, prazos previstos e trazado da vía que conectará a autoestrada A-52 e a fronteira portuguesa, que polo que respecta ó tramo que discorre a través do término municipal de Lobios comprende o acondicionamento do tramo Bande – Sur – Viaducto de Lobios e o reforzo de firme dende o viaducto de Lobios ata a fronteira portuguesa, téndose previsto elaborar un plan de infraestruturas de transporte en Galicia no que despois de analizar as carencias e déficit da rede actual, e en función dos obxectivos programados, decidirá as actuacións a desenvolver e a súa programación temporal en función dos recursos dispoñibles.

O Sr. Fernández Simo matiza que iniciativas como a que se refire o escrito do que se deu conta poñen de manifesto a necesidade de que todos xuntos debemos defender os intereses que máis nos afectan.

OITAVO.- DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA.

De conformidade co disposto no art.. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra.. Secretaria se de sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucións dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, e que son os seguintes:

Decreto de 06/03/06: Dilixencia de reincorporación ás súas función do Alcalde - Presidente.

Decreto de 07/03/06: Autorización a funcionaria para asistencia a xornada da Delegación da AEAT de Ourense.

Decreto de 16/03/06: Autorización a funcionario como usuario autorizado para acceso á aplicación informática SINAC (Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo).

Decreto de 24/03/06: Convocatoria Comisión de facenda e Contas Municipais para o día 28/03/06.

Decreto de 24/03/06: Designación de suplente na Comisión Informativa de Facenda e Contas Municipais do día 28/03/06.

Decreto de 31/03/06: Decreto de solicitude de subvención ó Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Decreto de 03/04/06: Gratificación a un traballador do GRUMIR.

Decreto de 19/04/06: Convocatoria de Sesión Extraordinaria Pleno para o día 24/04/05.

Decreto de 21/04/06: Habilitación extraordinaria de funcionario como Secretario Habilitado.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Decreto de 24/04/06: Manter a situación de habilitación extraordinaria de funcionario como Secretario Habilitado.

Decreto de 25/04/06: Convocatoria de Pleno Ordinario para o día 28/04/06.

A Corporación dáse por enterada.

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde indica que quere someter á consideración do Pleno a Ordenanza reguladora dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal, polo que ó non constar na orde do día este punto solicita a declaración da previa declaración de urxencia prevista nos art.. 51 do Texto refundido de Disposicións legais Vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo RDL 781/86 e 83 do ROF.

Por sete votos a favor emitidos polos seis Concelleiros do Grupo Municipal do PP e o Sr. Concelleiro do Grupo do BNG, votando en contra os catro Concelleiros do Grupo do PSOE, e polo tanto co voto favorable da maioría prevista no art.. 47.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, declárase a urxencia do asunto proposto pola Alcaldía polo que seguidamente pasase a considerar o fondo da proposta.

MOCIÓN DE URXENCIA.- ORDENANZA REGULADORA DOS FICHEIROS AUTOMATIZADOS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Previamente faise entrega a cada un dos Concelleiros de unha copia da proposta de ordenanza que se pretende aprobar tendo en conta que a Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico así como calquera modalidade de uso posterior de estes datos polos sectores tanto público como privado. A ordenanza consta de 9 artigos e unha disposición final e para a súa entrada en vigor requirirá a tramitación prevista no art.. 49 da Lei 7/85 de 2 de abril.

O Sr. Fernández Simo pregunta si o persoal responsable dos ficheiros de datos automatizados que se citan no artigo 7 da ordenanza poden ser cambiados en calquera intre, ó que lle resposta o Sr. Alcalde, que efectivamente así é.

O Sr. Veloso anuncia o voto en contra do seu Grupo dada a dependencia coa Alcaldía de todo o persoal que vai quedar responsable destes ficheiros, e máxime tendo en conta que solo un deles ten a consideración de funcionario.

Sometida a votación a ordenanza, resulta aprobada por sete votos a favor que se corresponden cos emitidos polos seis integrantes do Grupo do PP e o do Sr. Fernández Simo, do Grupo do BNG, e catro en contra dos integrantes do Grupo do PSOE, debéndose de proceder a someter a información pública este acordo ordenanza e expediente, a efectos de reclamación, alegacións ou suxerencias, e que no caso de non se presentar, considerárase definitivamente aprobada.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Fernández Simo prantexa os seguintes rogos:

1º.- Que se cumpra o acordo “Levada de Bixa de Baixo” e incluída no Convenio con Medio Rural.

2º.- Silvares, poza, está sen realizar.

3º.- Equipo de Fútbol, subvención de 5.000 € Banda de Gaitas 9.500 € banda de Música; deberíase dar un trato equiparable entre Equipo de Fútbol, Banda de Gaitas e Banda de Música.

4º.- Non consta en Transportes alegacións á supresión de liñas de autobuses. ¿Por qué non se fixeron alegacións?

O Sr. Fernández Simo prantexa a seguinte pregunta:

Forno de A LAMA, ¿cando se realizarán as obras, prazo, importe recibido e ubicación?

Preguntas realizadas polo Sr. Concelleiro D. Francisco Veloso González:

1ª.- ¿Por qué non se contrata a un Secretario – Interventor de carreira para o Concello?

2ª.- ¿Hasta cando van seguir sendo efectuados os pagos polo Tesoureiro D. Enrique López Álvarez, o Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez e pola Secretaria Accidental?

3ª.- ¿Cál é a cantidade anualmente recibida en 2005 polo Sr. Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez?.

4ª.- ¿Cál é a cantidade anualmente recibida no 2005 polo Concelleiro e o Tesoureiro D. Enrique López Álvarez?

5ª.- ¿Por qué non se leva a cabo a nulidade do Pleno de aprobación das Contas de 1997 e 1998 celebrado o pasado 24/04/06 carecendo de Secretario – Interventor cualificado?.

Rogo:

É preciso e imprescindible tramitar a figura dun Secretario – Interventor (non teño nada persoal en contra do Sr. Anguiano, cobra 450.000 pesetas mensuais).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Rogo feito polo Sr. Concelleiro D. José Álvarez Pereira:

O Sr. Alcalde prometeu resolver o problema da poza de Silvares, el xa se interesara persoalmente polo asunto en varias ocasións pero aínda está sen solución.

Polo Sr. Alcalde, respondese ós dous Portavoces indicando que as preguntas serán contestadas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 12,15, de todo o que eu, o Secretario Habilitado, certifico.